

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUN10I026

Fecha
18-02-16 11:08

Asunto
EXTRACTO de la sesión AYT/XGL/2/2016

27066DXUN10I026D



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA DEZANOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASEIS

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

AUSENCIAS:

INTERVENTORA:

D^a. MARÍA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ


SECRETARIA XERAL:

D^a. MARÍA LUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 17:00 do día 19 de xaneiro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUN10I026

Fecha
18-02-16 11:08

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS

16.01.19/RES.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.

XUN/1/2016.- SOLICITANDO AUTORIZACION PARA SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA PRORROGA DO SERVIZO PUBLICO DE EMPREGO DE GALIZA EN MATERIAS DE ORIENTACION LABORAL PARA 2016
CAMPAL FERNANDEZ, JOSE MANUEL


Vista a Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

Visto o escrito de D. José Manuel Campal Fernández, responsable do Servizo de Orientación Laboral do Concello de Viveiro no que se solicita autorización para solicitar a mencionada subvención e continuar co Servizo de Orientación laboral no Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar unha subvención á Consellería de Traballo e Benestar para continuar co Servizo de Orientación Laboral, destinado á realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Orientación Laboral municipal para a súa tramitación.

XUN/2/2016.- SOLICITANDO APROBACION DE PROXECTO E ACEPTACION DE CONDICIONS DE FINANCIAMENTO PARA SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA CREACION E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS PLAN FEADER
BALSEIRO FERNANDEZ, JAVIER

Vista a Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Visto o informe da Intervención Municipal sobre a existencia de consignación orzamentaria para a pavimentación de viais no orzamento municipal de 2016, aprobado provisionalmente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:


Primeiro.- Solicitar a subvención ao abeiro da referida orde para o proxecto: "Pavimentación do vial do cemiterio de Celeiro-Viveiro", cun orzamento total de 53.000,00 euros (ive excluído).

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 23 de decembro de 2015.

XUN/3/2016.- SOLICITUDE DE SUBVENCIONS DA LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL PARA O ANO 2016
BALSEIRO FERNANDEZ, JAVIER

Vista a Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención ao abeiro da referida orde para o proxecto “ Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de augas da rúa Rego das Frores” cun orzamento total de 104.753, 64 euros.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 21 de decembro de 2015.

XUN/4/2016.- SOLICITANDO APROBACION DO PROXECTO PARA SUBVENCION DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA CONTRATACION TEMPOAL DE PERSOAS EN SITUACION OU RISCO DE EXCLUSION SOCIAL
BALSEIRO FERNANDEZ, JAVIER

Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar dos seguintes proxectos de obra e servizo para a solicitude de dita subvención:

OBRA OU SERVICIO	Nº DE TRABALLADORES
REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS URBANOS	- 1 CAPARAZ - 9 PEONES

Segundo.- Aprobación da solicitude de subvención para os anteditos proxectos.

Terceiro.- Aprobación da existencia de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería de Traballo. Deberá contarse no momento do outorgamento da subvención, e en todo caso previamente á aceptación da mesma, coa consignación orzamentaria adecuada e suficiente para o financiamento das partidas que non sexan financiadas polo mesmo.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUN10I026

Fecha
18-02-16 11:08

Cuarto.- Aplicar aos traballadores desempregados contratados o rexime retributivo establecido para o persoal ao servizo do sector público na Lei 48/2015 de presupostos xerais do Estado para o ano 2016 publicado no BOE do 30 de outubro de 2015.

XUN/5/2016.- SOLICITANDO APROBACION DO PROXECTO PARA FORMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO AMBITO DE COLABORACION COAS ENTIDADES LOCAIS
BALSEIRO FERNANDEZ, JAVIER

Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar os seguintes proxectos de obra e servizo para a solicitude de dita subvención:

OBRA OU SERVICIO	Nº DE TRABALLADORES
Vixiancia	- 12 socorristas
Acondicionamento de praias	- 1 capataz - 6 peóns


Segundo.- Aprobación da solicitude de subvención para os anteditos proxectos.

Terceiro.- Aprobación da existencia de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería de Traballo. Deberá contarse no momento do outorgamento da subvención, e en todo caso previamente á aceptación da mesma, coa consignación orzamentaria adecuada e suficiente para o financiamento das partidas que non sexan financiadas polo mesmo.

Cuarto.- Aplicar aos traballadores desempregados contratados o rexime retributivo establecido para o persoal ao servizo do sector público na Lei 48/2015 de presupostos xerais do Estado para o ano 2016 publicado no BOE do 30 de outubro de 2015.

3.- LICENZAS DE OBRAS MENORES.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

URB/226/2015.- REPARACIÓN EN PAREDE MEDIANEIRA EN VIVENDA 33802724S PAZOS OTERO, MARIA JOSE

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. María José Pazos Otero, con DNI 33802724S, e domicilio a efectos de notificación en C/ Bisbe Torres I Bages 9, C.P. 08700, Igualada, Barcelona, para executar obras no inmovible de referencia catastral 3454416PJ1335S0002GP, sito na rúa Rosalía de Castro, nº 69, en Viveiro, consistentes na reparación de parede medianeira da edificación. Na mesma data ingresou os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

Vista a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, autorizando as actuacións propostas suxeitas ao cumprimento das condicións que nela se reflicten

Visto o informe técnico favorable, emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, co visto e prace do arquitecto municipal. No referido informe sinálase que, segundo a solicitude presentada, a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística, manifestando o seu cumprimento coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico.

- Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables maniféstase que a ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUN10I026

Fecha
18-02-16 11:08

definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación.

- O inmovible sobre e que se pretende actuar atópase no contorno de protección da Porta do Cristo ou da Vila (elemento declarado BIC) polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante; segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente o informe favorable nesta materia, que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:

- A medianeiro rematarase recebada e pintada en cor branca.
- Calquera outra actuación que exceda da descrita precisará de autorización da Consellería de Cultura.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:


Primeiro.- Outorgar a D^a. María José Pazos Otero, licenza urbanística para executar obras no inmovible de referencia catastral 3454416PJ1335S0002GP, sito na rúa Rosalía de Castro, nº 69, en Viveiro, consistentes na reparación de parede medianeira da edificación, nas condicións fixadas na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ditada o 10 de decembro de 2015.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓN PARTICULARES, establec que de seguido se transcriben:

- Os entullos xenerados na execución das obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado,
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria,

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

URB/336/2015.- REFORMA EN CUARTO DE BAÑO DE VIVENDA
33304345T LORENZO OROZA, MARIA TERESA

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. María Teresa Lorenzo Oroza, con DNI 33304345T, e domicilio a efectos de notificación en Rúa da Penela, San Cibrao, 2, C.P. 27890, Cervo, para executar obras de reforma de cuarto de baño no inmovible de referencia catastral 3354506PJ1335S000299, sito na rúa Teodoro de Quirós, nº 2-1º, en Viveiro. O 4 de decembro ingresou os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais,

Vista a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, autorizando as actuacións propostas suxeitas ao cumprimento das condicións que nela se reflicten,

Visto o informe técnico favorable, emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, co visto e prace do arquitecto municipal. No referido informe sinalase que, segundo a solicitude presentada, a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística, manifestando o seu cumprimento coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico,

Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables maniféstase que a ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación.

- O inmovible sobre e que se pretende actuar atópase no contorno de protección da Porta de Carlos V e do conxunto arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco (elemento declarado BIC) polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante; segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente o informe favorable nesta materia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D^a. María Teresa Lorenzo Oroza, licenza urbanística para executar obras de reforma de cuarto de baño no inmovible de referencia catastral 3354506PJ1335S000299, sito na rúa Teodoro de Quirós, nº 2-1º en Viveiro.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNES PARTICULARES, establec que de seguido se transcriben:

- Os entullos xenerados na execución das obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

URB/338/2015.- DEMOLICIÓN DE MURO DE BLOQUE EN EXECUCIÓN DE SENTENZA
33759148R CORA FERNANDEZ, JOSEFA

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Josefa Cora Fernández, con DNI 33759148R, e domicilio a efectos de notificación en Barrio Cruz, 14, Viveiro, para a demolición dun muro de bloque e acondicionamento de terreo no lugar de A Cruz, en Covas, na finca de referencia catastral 1870103PJ1317S0002BDM, na antiga estrada Ferrol Xixón, 13.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. No referido informe sinalase como condicionamento que se trata dunha obra en execución de sentenza do Xulgado de 1^a Instancia e Instrucción N^o1 de Viveiro, 0000038/2015.

Visto o informe favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que, segundo o disposto na letra c) do artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa, entre outras actuacións urbanísticas, as demolicións. A demolición solicitada adecuese á lexislación urbanística e ao planeamento de aplicación, e así se fai constar no informe técnico asinado polo arquitecto municipal

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

Primeiro.- Outorgar a D^a. Josefa Cora Fernández, licenza municipal para a demolición dun muro de bloque e acondicionamento de terreo no lugar de A Cruz, en Covas, na finca de referencia catastral 1870103PJ1317S0002BDM, na antiga estrada Ferrol Xixón, 13.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

- a) Os entullos derivados da demolición deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado
- b) Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

4.- LICENZAS DE OBRAS MAIORES.

URB/337/2015.- RECONSTRUCCIÓN DE ALPENDRE PARA APEROS DE LABBRANZA CONFORME O PROXECTO QUE SE XUNTA 33838721V ADRIO ROMEO, JOSE

Vista a solicitude de licenza presentada por D. José Adrio Romeo, con DNI 33838721V, e domicilio a efectos de notificación en Pousadoiro, 2, Viveiro, para

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUN10I026

Fecha
18-02-16 11:08

executar obras de reconstrución de alpendre existente en Pousadoiro, 2-Pedrouzos, parroquia de San Pedro, en Viveiro, nas fincas de referencias catastrais 27067 A040000470000XX e 27067 A040000420000XM. O 30 de novembro foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais. A solicitude vén acompañada de proxecto técnico asinado polo arquitecto, D. Francisco José Hermida Trastoy, en data 25 de novembro de 2015 e oficio de dirección de obra a favor do mencionado técnico.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. Segundo o mencionado informe, as actuacións propostas consisten na reconstrución de alpendre existente para apeiros de labranza. O solo no que se ubica o inmovible é rústico especialmente protexido, no que resulta de aplicación a ordenanza p da OUP. Maniféstase que se trata dun uso en solo rústico recollido no artigo 33.2ª, licenza directa en protección agropecuaria. Engádese que a edificación se atopa dentro da liña de policía de leitos, e que dependendo do tipo de obras, estas poderán requirir da autorización sectorial de Augas de Galicia, que se trata de obras de reconstrución de edificación existente destinada a alpendre para apeiros de labranza, que as obras proxectadas non suponen variación con respecto ó estado actual, manténdose a superficie da parcela ocupada, a superficie construída e o volume edificado, entendendo non necesaria a autorización de Augas de Galicia.

Visto o informe favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA) en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que se atopan suxeitos a previa licenza municipal. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico así como a documentación descrita o citado precepto (proxecto técnico completo redactado por técnico competente).

- Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables maniféstase que, conforme o disposto no artigo 195.1 LOUGA, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. A normativa vixente no Concello de Viveiro para a resolución do

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

procedemento é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. (D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006) coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010) polo que se modifica a anterior ordenación urbanística provisional; de acordo con dita normativa e no ámbito de solo rústico, resultan de aplicación as previsións do punto 9 do Anexo do Decreto 102/2006.

- Segundo se recolle no punto 2.4 do informe técnico, trátase dunha reconstrución de edificación existente en solo rústico, cuio uso se atopa recollido no artigo 33.2 da LOUGA sendo posible o outorgamento de licenza directa por parte do concello ao atoparse en solo de protección agropecuaria. As actuacións propostas adecúanse as previsións da lexislación urbanística e do planeamento, non resultando precisa ningunha autorización sectorial pese a se atopar a edificación dentro da zona de policía de leitos por canto non se proxecta ningunha variación respecto ao estado actual do inmovible, manténdose a superficie ocupada na parcela, a construída e o volume edificado.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. José Adrio Romeo, licenza municipal para executar obras de reconstrución de alpendre existente en Pousadoiro, 2-Pedrouzos, parroquia de San Pedro, en Viveiro, nas fincas de referencias catastrais 27067 A040000470000XX e 27067 A040000420000XM, de acordo co proxecto técnico asinado polo arquitecto, D. Francisco José Hermida Trastoy en data 25 de novembro de 2015 e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- **CONDICIÓN PARTICULARES.**

- 1. O interesado deberá constituir na Tesourería Municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acordo de outorgamento da licenza, unha fianza en garantía dos posibles danos que se ocasionen no espazo público durante a execución das obras, en contía de SEISCENTOS EUROS (600,00).**
- 2. De ser necesaria a ocupación da vía pública para os traballos de desescombros, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.**

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

3. Os entullos xenerados nas obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

5.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE OBRA

URB/69/2015.- REFORMA INTERIOR DE PLANTA BAIXA E PRIMEIRA DE COMERCIO EXISTENTE SEGUNDO PROXECTO REALIZADO POLA ARQUITECTA SUSANA PÉREZ PEREIRAS. VISADO 1501575.1 DE DATA 23/3/2015

76536267H PINO MONTERO, BENIGNA

Visto o escrito de D^a. Benigna Pino Montero, que tivo entrada no rexistro xeral o 13 de xaneiro de 2016 (nº de entrada 168) no que solicita o cambio de titularidade da licenza de obras de reforma interior das plantas baixa e primeira do inmovible sito na Avda. de Galicia, 23, en Viveiro, outorgada á interesada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 28 de xullo de 2015, para D. Francisco Chao Puentes, con DNI nº 33759703G.

Visto o informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUN10I026

Fecha

18-02-16 11:08

- Segundo o disposto no artigo 13 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, as licenzas relativas ás condicións dunha obra, intalación ou servizo serán transmisibles, pero o antigo e o novo construtor ou empresario deberán comunicalo por escrito á Corporación, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

Polo indicado infórmase que, unha vez efectuada a comunicación por parte da antiga titular da licenza do cambio de titularidade da mesma, só cómpre tomar razón de dita transmisión a favor do novo titular (D. Francisco Chao Puentes) e incorporar a documentación ao expediente URB/69/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Tomar razón da transmisión da licenza URB/69/2015, a favor do novo titular D. Francisco Chao Puentes.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

6.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA


URB/262/2012.- ADDENDA III DE AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DE RED DE DISTRIBUCIÓN DE GAS NATURAL EN EL TÉRMINO MUNICIPAL DE VIVEIRO. FASE III CONFORME O PROXECTO QUE SE XUNTA VISADO O 10/08/2012 CO NÚMERO CO121752
A15383284 GAS GALICIA SDG, S.A.

Vista a solicitude de GAS GALICIA de prórroga para o remate das obras da Fase III das instalacións da rede de distribución de gas natural no termo municipal de Viveiro, amparadas pola licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en data 11 de outubro de 2012.

Visto o informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se indica que:

- O artigo 197 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na redacción dada polo artigo unico.43 da Lei

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

